

**ACTA N.º 03 / 2023**

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Martes, 12 de DECEMBRO de 2023
<b>HORA</b>	09:30 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VICEPRESIDENTA: PILAR GARCÍA PORTO</li> <li>• SECRETARIA: LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MARISOL MORANDEIRA MORANDEIRA (SUPLENTE)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: ANTONIO AMEIJIDE OSORIO (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: CARMEN JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL BNG: IRIA CASTRO FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> <li>• CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUIS FERNANDEZ GUITIÁN (TITULAR)</li> <li>• USC VICERREITORADO CAMPUS DE LUGO: FRANCISCO FRAGA LOPEZ (TITULAR)</li> <li>• AMIGOS DO CAMIÑO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR)</li> <li>• AGAVI: MARIA ANTONIA LOPEZ FRAGA (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUIAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)</li> <li>• AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)</li> </ul>

	IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64	<b>Fecha y Hora</b>	09/02/2024 18:14:06
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64</a>	<b>Página</b>	1/7



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• XEFA DA ÁREA DE TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUÍS J. FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR)</li> </ul>
--	--

## ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 12 de setembro de 2023.

2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2023.

3.-Rogos e preguntas.

## DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 09:37 horas, a vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Pilar García Porto, toma a palabra para, en primeiro lugar, agradecer a asistencia dos participantes ao Consello de Turismo, dando paso a continuación aos correspondentes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 12 de setembro de 2023.

Votos a favor: (15): Pilar García Porto, Mayra García Bermúdez, Marisol Morandeira Morandeira, Antonio Ameijide Osorio, Carmén José López Rodríguez, Iria Castro Fernández, Ángel Trabada Gómez, José Francisco Real Castro, José María Seijas López, María Antonia López Fraga, Mónica Díaz Jublín, María Nuria Neira Vila, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luis J. Fernández Reija.

Abstencións (1): Luís Fernández Guitián.

2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2023.

(Francisco Fraga López incorpórase ao Consello de Turismo ás 09:43 horas)

Comeza a dación de conta facendo referencia ao programa Actívate, iniciado xa no anterior mandato, que se desenvolveu nas fins de semana dos meses de abril e maio do 2023. Trátase dun programa que ten como finalidade impulsar o turismo de proximidade a través de 17 actividades gratuítas dirixidas ao público xeral vinculadas ao turismo activo.

As actividades incluídas no programa foron distribuídas por toda a provincia e abarcaron municipios como Guitiriz, Chantada, Monforte de Lemos, A Fonsagrada, A Pontenova, Viveiro,

	IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64	<b>Fecha y Hora</b>	09/02/2024 18:14:06
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64</a>	<b>Página</b>	2/7



Barreiros, Folgoso do Courel e Taboada no mes de abril. No mes de maio, desenvóléronse actividades en Navia de Suarna, Lourenzá, A Pastoriza, Abadín, Vilalba, Quiroga, Foz e Burela.

A vicepresidenta do Consello de Turismo sinala que debe terse en conta que a totalidade do territorio non se presta para este tipo de actividades, polo que se seleccionaron aqueles municipios que son máis axeitados para acollelas.

Outro dos programas destacados é o Coñece a túa provincia, que é un programa dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que consiste na realización de excursións organizadas en 37 itinerarios diferentes, abarcando unha mostra representativa do patrimonio cultural, natural e gastronómico de cada un dos 67 concellos da provincia.

Os obxectivos da edición do 2023 deste programa, a modo de continuación das edicións anteriores, foron:

- Contribuír á reactivación da hostalería e do turismo provincial, favorecendo a creación e mantemento do emprego directo e indirecto.
- Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos como aos establecementos e profesionais que forman parte da cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo.
- Contribuír á recuperación da confianza necesaria do sector.
- Servir como instrumento de sensibilización das veciñanza desta provincia sobre o potencial turístico que temos e fomentar o sentimento de orgullo e para promocionar os valores naturais, patrimoniais e culturais.
- No marco da Axenda 2030 (meta 8.9): impulsar un turismo sostible, que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.

As excursións tiveron carácter gratuíto para as entidades participantes e inclúen o transporte para os traslados, os seguros, menú do día e outros gastos derivados.


Para a edición do ano 2023 recibíronse 215 solicitudes de diferentes asociacións desta provincia, das cales desfrutaron do programa un total de 142 (86 no período de primavera e 56 no período de outono), dando oportunidade de viaxar, coñecer a provincia e, por tanto, promocionala, a máis de 3000 persoas en cada anualidade.

A vicepresidenta do Consello de Turismo sinala que outra das accións que se levaron a cabo ao longo do 2023 foron as visitas ao románico desta provincia. Como membro da TRANSROMANICA, a Deputación de Lugo organizou unhas xornadas de visita a monumentos románicos en 19 municipios da provincia ao longo do mes de maio co fin de promocionar o noso patrimonio. Este ano, o número de participantes nesta actividade ascendeu a 237 persoas.

Ademais dos programas de actividades sinalados, a Deputación tivo tamén presenza en feiras, como Fitur, onde se presentou este ano a campaña “Lugo Provincia Románica”, coa que se pretendeu consolidar un modelo turístico cultural, sostible e de calidade. Nesta presentación estivo presente Chechu Salgado, Goya ao Mellor Actor Revelación 2022, que tamén participou no vídeo de promoción que se presentou na feira.

A Deputación tamén estivo presente en Expocidades, a mostra de Turismo do Eixo Atlántico, que se celebrou en Valongo, do 7 ao 10 de setembro, na que se participou nunha nova edición.

	IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64	Fecha y Hora	09/02/2024 18:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64</a>	Página	3/7



Outra das feiras nas que a deputación tivo presenza este ano foi Xantar, que se celebrou en Ourense do 2 ao 5 de novembro e que constituíu unha oportunidade para promocionar a riqueza gastronómica e enolóxica desta provincia

Prácticamente en paralelo á celebración de Xantar, a Deputación de Lugo estivo presente na feira Fairway, que tivo lugar entre o 1 e o 3 de novembro en Santiago de Compostela nunha quinta edición na que tivo especial protagonismo no stand da Deputación a Vía Künig, no marco da oferta de Camiños a Santiago que atravesan a provincia.

Outra das citas deste ano no calendario de feiras turísticas foi Produart, Feira dos Produtos Artesanais e Ecolóxicos celebrada en Burela entre os días 4 e 6 de agosto do 2023 coincidindo coa Feira do Bonito.

Ademais das feiras, outras accións promocionais que se levaron a cabo foron o programa de concertos de música clásica nos institutos denominado “Música e Memes”, a degustación de produtos gastronómicos lucenses para a Feira de San Isidro da Milagrosa, participación no Primeiro Encontro da Cultura do Viño da Ribeira Sacra en Taboada entre o 9 e o 11 de xuño, organización dun *showcooking* para a presentación da Feira do Bonito de Burela, a colaboración na II edición da degustación do requeixo en Vilamartín Pequeno no concello de Barreiros e a obtención da certificación Starlight para os Ancares Lucenses por parte da Reserva da Biosfera.

A vicepresidenta do Consello de Turismo continúa a súa intervención facendo mención á actividade asociativa, na que destacou a participación (de xeito telemático) o pasado 17 de outubro, na Asemblea Xeral da TRANSROMANICA, que tivo lugar en Serbia. Neste encontro, ademais de poñer en común as actividades realizadas por cada un dos membros en prol da promoción do románico nos seus territorios, abordáronse futuras actuacións da entidade, así como a posible admisión de novos membros.


Ademais, e continuando na senda da mellora e consolidación do territorio como un Destino Turístico Intelixente, a Deputación de Lugo participou na constitución do Grupo de Traballo de Deputacións, Cabildos e Consells da Rede DTI.

En canto ás publicacións, editáronse dúas das catro guías do románico na provincia de Lugo. En concreto, as que fan referencia a Ancares-Courel- Sarria e a comarca da Ulloa. A maiores, publicáronse dous libros sobre cruceiros, cristos e monumentos de Foz e o Valadouro.

En relacións cos patrocinios, apoiouse á APEHL para asistir ao campionato oficial de tapas e pinchos de España cunha aportación de 3.630,00 €. Ademais, colaborouse co piloto José Antonio Liste na súa participación no European Hill Climb Championship no 2023. Tamén se apoiou a organización por parte da APEHL (zona sur) dos eventos Cume de Tapas e Estase Cocendo. A maiores, contratouse o patrocinio da película “Tratamos demasiado bien a las mujeres” con 18.137,90€, e que fará unha promoción a nivel mundial do noso territorio. A estes patrocinios engádense os relativos ao Portomarin Beer Fest, á serie documental “A grande epopea de Galicia”, así como os dos festivais Resurrection Fest, Trece Roeis, a celebración do torneo de Bridge “Cidade de Monforte”, a serie “Caminos de Sefarad” e o patrocinio do piloto Eduardo Iglesias no Rally Dakar.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo continuou a súa intervención facendo mención ao Plan Único de Cooperación cos Concellos, que supuxo unha continuidade no eido turístico, de acordo coa reformulación feita no ano 2017, de acordo coa cal se distribúen os fondos con criterios totalmente obxectivos que reduza a discrecionalidade.

	IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64	Fecha y Hora	09/02/2024 18:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64</a>	Página	4/7



A Vicepresidenta do Consello de Turismo fixo mención deseguido á concesión dos Premios de Turismo correspondentes á anualidade 2023, os cales constitúen un recoñecemento honorífico á dedicación de distintas empresas, persoas, institucións ou entidades e aos méritos que concorren nas mesmas polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística provincial, a súa traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras ou exemplares que teñan unha repercusión positiva no ámbito do turismo ,da gastronomía ou da sostibilidade turística na provincia de Lugo. O premio deste ano, na modalidade “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense”, correspondeulle á Festa da Filloa de Muimenta

Por último, en relación co funcionamento das Rutas Fluviais, a data do 21 de outubro, foron contabilizados 58.358 pasaxeiros, dos que 44.657 escolleron a ruta do Canón do Sil e 13.701 realizaron a ruta do Cabo do Mundo.

O estudo de satisfacción realizado polo Servizo de Turismo, que tomou como base unha mostra de 1642 enquisas telemáticas realizadas ao longo do 2023, sinálanos que, de acordo coas respostas obtidas, das persoas que participaron no estudo, o 72.80 % realizaron a ruta do Canón do Sil, o 21.70% realizaron a ruta Cabo do Mundo e o restante 5.60 % realizaron ambas rutas.

Case o 80% dos participantes visitaban por primeira vez a Ribeira Sacra e arredor do 20 % repetía a experiencia. O 98.10% dos participantes eran viaxeiros de ámbito nacional. Desta porcentaxe, un 20.30 % eran galegos, dos cales un 40.4% procedían da provincia da Coruña, un 26.50% de Pontevedra, un 24.60 % da de Lugo e o restante 8.50% de Ourense.


En canto ás restantes Comunidades autónomas, un 25.10% das persoas usuarias procedían da Comunidade de Madrid, un 11,50 % de Cataluña, un 12.30% do País Vasco, un 8.90 % de Castela e León, 10.40 % de Andalucía, un 7,10% da Comunidade Valenciana, un 5,60% de Asturias, un 3,3% de Aragón, un 2,10% de Cantabria, un 2.60% de Navarra, un 2.70% de Canarias, un 1,30% de La Rioja, un 1,60% de Murcia, un 1,50% de Baleares e un 1,10 % de Extremadura.

En canto á pregunta relativa a como coñeceron o servizo de Rutas Fluviais, o 64.20 % dos participantes sinalaron que foi través de Internet ou da páxina web, seguido pola información obtida doutras persoas 20.80 % (boca-boca), por recomendación de empresas do territorio 7.20%, oficinas de turismo 9.60 % e, no 7.90 % do casos, os usuarios xa viaxaran anteriormente no catamarán da Deputación. No 1.70 % dos casos, os usuarios indicaron que coñeceron o servizo por casualidade. Ademais, o54.20% das persoas participantes no estudo consideraron que a ruta en catamarán foi a principal actividade de lecer realizada durante a súa estada na Ribeira Sacra.

No referente ás variables relativas ao grado de satisfacción obtivéronse os seguintes resultados (de acordo cunha valoración de 1 a 5 puntos):

- A amabilidade do persoal de atención telefónica na central de reservas foi puntuada con 5 puntos polo 78.90% dos participantes na enquisa e con 4 puntos polo 16.60%.
- A amabilidade do persoal de atención en mostrador na oficina de información de ponte do Sil acadou os 5 puntos no 81.90% dos casos e 4 puntos no 13.90%. 23
- A amabilidade do persoal das tripulacións acadou os 5 puntos no 91.10% dos casos e 4 puntos no 7,70%.

	IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64	Fecha y Hora	09/02/2024 18:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64</a>	Página	5/7



- A calidade da información recibida a bordo das embarcacións foi puntuada coa máxima nota polo 84.40% das persoas participantes na enquisa e con 4 puntos no 12.50 % dos casos.
- Á limpeza da embarcación outorgáronse 5 puntos no 85.80 % dos cuestionarios, sendo valorada con 4 puntos polo 12.60% das persoas participantes no estudo.
- Ao estado dos embarcadores e da contorna destes outorgóuselles unha valoración de 5 puntos no 63.10% dos cuestionarios, mentres que no 29.90% dos casos, acadáronse os 4 puntos.
- No que respecta á calidade global do servizo, no 68.80 % dos casos foi valorada coa máxima puntuación, acadando os 4 puntos no 27.60% dos casos.
- En canto a facilidade de uso da páxina web reservas.rutasembalses.es, no 54.70% dos casos foi valorada coa máxima puntuación, acadando os 4 puntos no 29.10% dos casos.

### 3- Rogos e preguntas.


A Vicepresidenta do Consello de Turismo pregunta se algún dos membros do Consello desexa facer algunha pregunta sobre as actuacións realizadas ao longo do ano.

Toma a palabra Antonio Ameijide Osorio do grupo provincial do Partido Popular, poñendo en valor a colaboración que está tendo a Deputación Provincial con asociacións e co sector turístico en xeral, sinalando que se debería seguir nesa liña poñendo en valor o turismo, en tanto que é un valor para a provincia. Solicita tamén que estas reunións sexan de traballo, non só unha mera dación de conta, senón que se poda asistir ao Consello con documentos máis aló dunha orde do día de tres puntos, dos cales dous corresponden con rogos e preguntas e coa aprobación dunha acta, e o único punto que se vai a tratar é pouco máis que un documento do cal solicita copia. Engade que é preciso un pouco máis de ambición en materia turística e máis ambición no relativo ao traballo deste Consello, porque no regulamento aparecen máis competencias, de xeito que sería posible darlle máis peso político do que ten a día de hoxe ou poñer en marcha as comisións que non están funcionando. Sinala, en definitiva, que se podía esperar deste Consello un traballo real máis cunha dación de contas ou rolda de prensa do balance turístico do equipo de goberno durante doce meses. Sinala ademais que, dende o grupo provincial do Partido Popular agardan que deste tipo de reunións non sexan unha enumeración de actos realizados ou de axudas dadas, considerando que se pode facer máis neste Consello. Por este motivo solicita que se leven a cabo as comisións de traballo para que se de un peso real ao Consello que por parte do equipo de goberno non se lle está dando. O que sinala co ánimo máis construtivo, xa que desexan traballar e aportar e para iso consideran preciso contar cunha mínima documentación.

Indica a Vicepresidenta do Consello de Turismo que a documentación por suposto que está a disposición de quen a solicite. Engade que, como xa se ten sinalado máis veces, a participación no Consello de Turismo é cousa de todos e que dende a Área de Turismo estamos abertos a que se faga chegar calquera proposta para estudala.

Finaliza a intervención agradecendo o traballo realizado polos traballadores públicos que desempeñan a súa función na Área de Turismo e que están a sacar diante todas estas actividades nas que hai un gran traballo administrativo, de comunicación constante co sector, cos implicados, cos colectivos e cos concellos a pesar de que as competencias en materia de turismo non son das institucións provinciais e que todo o traballo se saca adiante con recursos propios.

	IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64	Fecha y Hora	09/02/2024 18:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREXMXRC64</a>	Página	6/7



Non habendo máis preguntas, levántase a sesión ordinaria do Consello de Turismo, sendo as 10:07 horas.

Lugo, na data da sinatura dixital.

A Secretaria,

Vº. e pr. A Vicepresidenta

Leticia Rodríguez Díaz

Mª del Pilar García Porto

	IV7W2AC6FZM27WMZVREMXRC64	<b>Fecha y Hora</b>	09/02/2024 18:14:06
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREMXRC64">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W2AC6FZM27WMZVREMXRC64</a>	<b>Página</b>	7/7

